

AUTOPOÉTICA

1 9 3 5



BOUZA BREY

[EDICIÓN FACSIMILAR]

HOMENAXE
DO
CONSELLO
DA CULTURA GALEGA

MCMXCII

R^o 3812

AUTOPOÉTICA

1 9 3 5



BOUZA BREY

[EDICIÓN FACSIMILAR]

HOMENAXE
DO
CONSELLO
DA CULTURA GALEGA

MCMXCII



F. BOVZA BREY

A · FORMAÇÃO · LINGÜÍSTICA ·
D · EDUARDO · POZDAR · E · A · NE-
CESSIDADE · DE · UMA · REVISÃO ·
DOS · SEUS · "QUEIXUMES".

*Trabalho apresentado ao "SEMINÁRIO
DE ESTUDOS GALEGOS" a 22 do mes de
S. Martiño do 1924.*

PUBRICADO EN "A NOSA TERRA"
DA CRUÑA.

G-41
Foll. S. E. G.

G-41
Foll. S. E. G.

A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade
de unha revisión dos seus "Queixumes"

Ofrezbo a Vicente Risco esta comunicazón ó «Seminari-
de estudos Galegos» da Uni-
versidade de San-Iago feita
en xuntanza de 22 de San-
martiño de 1924.

Toméi de novo os versos do «subrime e vago», de
aquele noso mais brandido pino xa leixado do vento,
e un bafo de modernidade, un recendo de loureiro
semper virens saído d'eles deitouse na miña i-alma.

¿Qué estrana meiguice teñen os esquivos — usando
unha verba amada do poota —, poemas de Pondal? Pra
gostalos hai que afacerse á súa fereza montesía e dim-
pois de isto a tentación irresistible de algo moi noso
túrrencs cara a iles. Hoxe, aproveitando a descuberta
feita ó hachar de que falaréi mais adiante, quero abe-
sullar na xuventude do grande brigante ó fin de
poder seguir o seu proceso cultural cousa que compre
facér con todol-os precursores. ¿Qué leería Vicetto?
¿E Faraldo? ¿E Rosalía? ¿Qué estudiarían eles? ¿E Pon-
dal? Encomenzaréi dicindo que o Bardo, asegún a ad-
xunta partida, chámase Eduardo María González
Pondal⁽¹⁾ e de doña Anxela Abente, veciños de Ponte-
ceso, en cuia parroquial de Santo Tirso de Cospindo,

(1) Aparece matriculado en Latínidade e Retórica en 1802 en San-
tiago.

Abente como fillo que era de D. Xosé Gon-
zález Pondal

foi bautizado o 10 de Febreiro de 1835 (1) habendo nacido o día oito dos devanditos mes e ano.. (2)

A primeira notiza que temos da sua instruzón nol-a aporta o mesmo Pondal n-unha nota marxinal que ilustra istas estrofas sin rematar:

Meu criado e compañeiro
Da Bouza, Farruco amigo,
Paremos un pouco eiquí
Práceme o fungar dos pinos
Que cando os sinto de preto
Na alma non sei que sinto
Se he pracer ou son suidades
D'un pasado tẽmpo antigo.

A nota dí: Farruco era o nome do noso don e leal criado que iba na nosa compañía cando os nosos viaxes

(1) Murguía dí que foi bautizado «na vella eirexa de Almerezo»,

(2) Por ter lido algunha vés en biografías feitas por amigos de Pondal que nacera o día seis de Febreiro coido intresante dar eiquí a partida a seguir:

D. Manuel Antonio Pose, Cura Párroco de San Tirso de Cospindo y San Vicente de la Graña su anejo.

Certifico: que habiendo registrado el libro de Bautizados de la ciudad de Cospindo que tuvo principio en mil ochocientos veintiocho; al folio cincuenta y siete se halla una partida que a la letra dice así.—En la Iglesia Parroquial de San Tirso de Cospindo a diez días del mes de Febrero año de mil ochocientos treinta y cinco yo D. Ramón Rodríguez Vicario cura de ella y su unido San Vicente de la Graña, bauticé solamente y puse los santos oleos y llamé por nombre *Eduardo María* a un niño que nació el día ocho de este corriente mes hijo legítimo de D. Juan González Pondal y de D.^a Angela Abente su muger, vecinos del lugar del Puenteceo de esta fra. de Cospindo, nieto por derivación paterna de D. Bernardo González Pondal ahora difunto y de D.^a Josefa Froys su muger; y por derivación materna es nieto el expresado niño de D. Isidro Abente y su muger D.^a María del Rosario Chans y Mourelle vecinos unos y otros de la Villa de Laxe. Fueron padrinos D. Eduardo Abente Cura Párroco de la parroquia de Bamiro y su anejo Santa Eulalia de Tines tío materno y D.^a Emilia González Pondal hermana del referido niño. Advertí a la madrina el espiritual Parentesco que ha contraído y demás obligaciones que prebiene el Ritual Romano, y no al padrino por no contemplar preciso, para que conste lo firmo al día, mes y año citados al principio de esta partida original.—Ramón Rodríguez.

Concuerta a la letra con el original a que me refiero y para que así conste a petición del interesado doy la presente que firmo ne Cospindo a diez de Septiembre de mil ochocientos cuarenta y ocho.—Manuel Antonio Pose.

a cabalo a Vilela de Nemiña, lugar do distrito de ~~Mon~~
xia, onde estudábase *gramática latina*. (1)

Deixounos Pondal os nomes de todol-os rapaces que
cón él iban a aprender latín a Nemiña n'urha sua
poesía. (2) Eran vintedous nenos todos da bisbarra do
Bardo.

A primeira ves que aviscóu Compostela Pondal foi
nos anos 1847 ou 48 en que veu a enxaminarse das pri-
meiras disciplinas do Bachilerato.

Quezáis a primeira casa en que pousó Pondal en
esta cibdade fose a que hoxe leva o número 5 da Rúa
Travesa e que no 27 da Vendima do ano 1849, en que
solicita ser matriculado en segundo ano no Instituto,
tiña o número 2 (3). Era entón o seu encarregado Xosé
Rodríguez. Eiquí é onde encaixan as verbas de Murguía
que din que «dende as montañas soedades de Puente-
césso viña todol-os outonos a Sant-Iago a sentarse nas
aulas» (4) mais agora topamos un intermedio na vida aca-
démica do poeta, intermedio quezáis cheo sómentes por
doenzas corporaes e disgrazas familiares, pois en 1853,
aínda ficaba matriculado en «terceiro ano de filosofía
elemental» i-en 5 de Outono díse ano solicita sea ademi-
tido como alumno en *lingua grega* xa que «por hachar-
se na convalescencia de unha doenza que padecéu e por
acaescerlle ô tempo a morte de unha irmán, non puído

(1) Todal-as novas que aparezan n-este traballo foron tomadas
dos papés que a Sociedade Económica garda do poeta xuntamentes
ca sua Biblioteca, así comp do expediente académico de Pondal que
obra no Archivo da Universidade de Santiago amais do «libro de
grados de Bachiller en Filosofía. Principia en 1844» folio 190 volto
e seguintes.

(2) Páxina 53 de «Rumores de los Pinos» e 65 dos «Queixumes dos
Pinos» no que aparece algo trocada.

(3) Pra a mutazón dos números e nomes das ruas santiaguesas
dende o ano 1860 véxase «Nomenclator de las Calles y rotulación de
edificios de la ciudad de Santiago».—Santiago.—Imp. de la Casa
Hospicio.—Asilo de San Agustín.—1887.—No mes de Sanmartiño do
1877 veu Pondal a Santiago e parou aquí longa tempada no hóspee
daxe de «Herrero Segade, sucesores de Grove» que ocupaba número
40 da Mámoa na numerazón que había de aquela.

(4) *Los Percursores*. Páx. 132.

«chegar con oportunidade». Foille ademitada a matrícula, levou *sobresaliente* e velaiqui temos a chave da educación clásica do poeta. Inda entre o poeirento fato de papés conservados na Económica eisten apuntes con sentenzas de filósofos gregos escritos no seu idioma.

Solicita en 24 de Maio de 1854 obter o grado de Bachiller en filosofía e recibe ise título o día 8 do San Xoán.

De novo apela á xustificazón de enfermidade pra pedir ser matriculado no segundo ano de Medicina cursado do 1855 ó 56 e o médico D. Antonio Romero certifica que Pondal estivo doente de 20 de Vendima hastra o 2 de Outono de «calentura gástrica». As continuadas doenzas de Pondal na xuventude quezáis xustifiquen aquel exceso de prevenzons; aquela manía de microfobia que padecéu nos derradeiros tempos é encol do que andan volvoretando as anécdotas.

Por istes anos debéu Pondal conocer a Aurelio Aguirre co que formou parexa no célebre día do 6 de Maio do ano seguinte do 56, en que tuvo efecto o banquete de Conxo cando Pondal estudaba segundo curso de Meicina e contaba 21 anos, acto que nos mostra ó poeta como home de ideas nobres e de dianteira. O brindis pronunzado por Pondal, que literariamente e millor que o de Aguirre, non alcanzou con todo a sona do de este porque as beatificas linguas non toparon n-él principios heterodoxos como co de Aurelio socedéu.

N-este intre gozaba Pondal en Sant-Iago de grande renome; «era n-aqueles días... en que diante dos seus vinte anos un exército de ilusións espilía as suas azas de ouro. O amor a poesía, a liberdade, a gloria, todos tiñan pra él un sorriso, Virxilio e o Tasso eran seus deuses. Cantas vegadas na mesma sala de disezón en tanto que o escalpelo buscaba nas carnes mortas... o segredo da vida... lembraba seus doces versos» decíndollos a un irmán de Murguía que tiña por compañeiro. Este irmán debía ser Nicolás Martínez Murguía que aparece facendo o grado de Bachiller un día denantes que o poeta.

Por istes anos tivo Pondal en Compostela un grande amor. Grande amor inspirado por aquela de quen sabemos que era filla de Santiago, «branca, garrida e fidalga» (1); que foi «un amor contrariado» (2), que dende íl foi Pondal «o poeta de todos aqueles que sentían iguales doores ou alimentaban un amor contrariado» (3) hastra tal punto era de malfadada ista pasión que o poeta «rendido ô sofrimento, enmudecéu, buscando a soedade dos campos paternos a quietude que non tiña»... (4) A este período de abatemento anímico deben corresponder os pensamentos que encol de un mesmo tema, a muller, tópanse recolleitados entre os papés. Pol-o que poidera importar transcrebo o seguinte de Vesteiro Torres que aparece irmâdo con un de La Bruyere: «As mulleres sô aman a quen pretende luxalas» eisé como tamén o do terceiro canto de un poema quizais sen escribir, «A vingaza do Bardo. -Deixa no esquecemento o nome da amada ingrata». A Ela, sin dúbida rapaza moreniña, refírese este verso inédito:

Cando vos vexo no aire
Alas dos corvo de Roura^a
Acordádesme dos ollos
De aquela garrida moza.

É a Ela tamén ista apaixoadá descripción na que se reven as leituras bíbricas, na que se amostra a influencia do Cantar dos Cantares: «Fermosa eres como tenda de Xacob espúlida no deserto, como palmeira â veira das augas, como torre mourisca que se ergue no lonxe e que sorprende o azo do que a contempra» (5).

Algo mais poderíamos ventar. N'un dos seus borradores escribe:

(1) *Rumores* pax. 44 e *Queixumes*, 58.

(2) *Los Precursores*, 131.

(3) *Los Precursores*, 145.

(4) *Los Precursores*, 145.

(5) Orixinal fica en castelán eisé como o demáis en prosa que via transcripto.

Yo recuerdo la niña hechicera
Que en *Helenes* la dulce nació
Otra virgen tan pura y tan bella
A mi orilla jamás abordó.
Yo recuerdo la niña enlutada
Adornada de negro crespón.

ou en outra parte

Yo jugué con su hermoso cabello
De profundo y oscuro color.

Esta poesía que leva por título: *Recuerdos*. — *Septiembre de 1850*. — *La Isla de la Toja* e quezáis unha das mais antigas de Pondal e nos revela tal vez o lugar onde o Poeta conocéu o amor por quen toda a vida tería de sospiara.

Frío torrente de Roura
Cando te vexo escumar
Penso nas faldas fidalgas
Da que xurái sempre amar.

di unha inédita quartela

Amores foron estes que levaron â i-alma do Poeta horribel sofrimento.

...No puedo olvidarla
Yo por ella he llorado y sufrí
Ya las canas invaden mi frente
Y aún recuerdo la niña gentil
Yo por ella tan solo el estrépito
Del renombre y la gloria busqué
De mis males ocultos la causa
ella sola, ella sola, ella fué.

Conque termar de que os versos castelans do Poeta son da primeira época. Dimpois de 1877 com-os escribú, Topamos por fin, c'unha carta chea de consolos e consellos a unha *Virxen fermosa* na que de novo a infruenza bíbrica faille escramar: «Pero, por Deus, que che non apesadumen istas cousas; non te afrixas, nin desmaies; prega i-espera porque a orazón ten de ser escoitada e os teus lombos cinguidos de forteza (1).

(1) De un grande anaco de carta sin outra direizón que a devandita: *Virgen hermosa*.

O ano de 1858, no 17 do mes de Sant-Iago pide certificado de ter aprobado o ano 4.º de Meiciña.

No 23 da Vendima do seguinte matriculase no ano quinto. Por este tempo vive Pondal no número 13 da Rúa do Castro, a que ca numerazón moderna tería o 18 a non se haber guindado co-ela fai poucos anos. Era a sua fiadora D.^a Nicolasa Miguélez que vivía na mesma casa e que quezáis fose a pousadeira. Por istes anos firma *oficialmente* Eduardo González e Eduardo González Pondal.

O 13 de San Xoan do 1860 estaba xa en disposición de recibir o grado en Meiciña e o día 18 recibeo ca nota de *Sobresainte*.

O 13 de San-Iago espidéuselle o título i-en 13 do mes de Santa María mandóuselle ô Gobernador da Cruña por non poder vir a recollelo. Eiquí finóu a vida estudiantil de Pondal: O seu espedente académico reve apricazón.

Pouco tempo dempois en 1861 aparece no «Albun de la Caridad» a «Campana de Ánllons» na que alguns ven influencia de leituras clásicas — fálase de un romance de Góngora— mais o que sabemos de certo, pois a sua produción arastora eisi o acredita, é que non coñecía ainda os poemas de Ossían que tanto infruirían n-él. A edizón pol-a que estudou Pondal istes poemas foi a traduzón francesa de Chistián de 1867 (1). En troques coñecía n-esta época a Virxilio (2), Milton (3)

(1) Ossian barde du III siecle. Poemes galeiques recuillis par fames Mac-Pherson tradutiún revue sur le derniere édition auflaise et precedee de recherches critiques sur Ossian et les caledoniens par P. Chistian.—París,—Librairie de L. Hachette et Cie.: Boulevard Sain Germain, núm. 77.—1867.

(2) Murguía, Los Precursores, pax xa cit.

(3) Milton's.—Paradise Lost: With copiosis notes explanatory and critical parthy seleted from Addison, Beutley, Boule, Calmet, Calleuder, Dunster, Gillies, Greemwod, Home, Heylm. Johnson, Jortin, Lord Monboddo, Neuton, Pearce, Richardson, Stillingfleet, Tliyer, Todd, Upton, Worburton, Warton, and pastly original also a memoir of his life bi James Prendeville, B. A. editor ef livy etc. 1850.—París.—Baudry's europeau library.

O Dante (1), Tucídides (2), Plutarco (3), Sakespeare (4), Heine (5), Monti (6), Leopardi e sobor de todos o Tasso (7) que foi dimpois de Ossián o que mais fixo sentir o sentir o seu infruxo nas obras de Pondal. Isto foi xa notado por Doña Emilia Pardo Bazán ô comentar os «Queixumes» (8).

«Os Hoas» poema que garda inédito a Academia Galega e que parece sairá axiña â lus debía estar facéndose n-esta data. A xuzgar por algún anaco publicado e pol-os que vin nos seus borradores. Os Lusiadas foron a diretriz que o Bardo seguiu. Iste poema chamábase no emprençipio *A América Descuberta* e contaba de cinco cantos. Dimpois tivo de sufrir aínda no seu texto grandes modificacións.

Mais adiante perfeccionouse nas letras crásicas e coñeceu a Homero (9), ampriou ô Dante (10) e ô Tasso estudando con amore a sua biografía (11), leu a By-

(1) La Divina Commedia di Dante Alighiers con Spiefazioni tratte dai miglodri Commentarj e colla vita di Dante da Giovanni Bocaccio. Paris. Librairie de Firmin Didot Freres, fils et Cie.—Imprimeurs de L'Ynstitut de France.—Rue Jacob 56.—1856.

(2) Conóceo por traduzón Italiana.

(3) Conóceo p-r traduzón italiana.

(4) The Works of Willian Shakespeare.—London.—George Routledge and Sons.—(S. A.).—edited by Charles Knight.

(5) Conóceo en francés.

(6) Conóceo en italiano o mesmo que a Leopardi.

(7) La Gerusalemme liberata e L'Aminta di di Torquato Tasso.—Paris.—Firmin Didot.—1850

(8) *De mi tierra* pax. 87.

(9) Conóceo pol-a coleizón «Les Auteurs grecs expliqués d'après une méthode nouvelle Par deux traductions françaises l'une litterale et justalineaire presentant le mot a mot français en regard des mots grecs correspondants l'autre correcte et procedée du texte grecavec des arguments e des notes par une société de professeurs e d'hellenistes».—Paris.—Hachette 1882.—2 vol. e pol-a traduzón de Monti.

(10) Dante Alighiere.—La Vita Nuova.—Il Convito.—Il Canzoniere con prefacione e note.—3.^a edizione etereotipa.—Milano.—Società editrice Souzofno.—14 Via Pasguirolo 14.—1895.—Forma un só volume na Biblioteca de Pondal xunto ca «Iliade di Omero» traducione di Vincenzo Monti con la Oservacioni di Andrea Mustoxidi e le notizie della vita e dell'opere del traduttore.—Volume Unico.—10.^a Edicione Efereotipa.

(11) Angelo Selerti.—Vita di Torcuato Tarso.—Ermnano Soercher.—Torino 1895. 3 vol.

ron (1) e a Boileau (2) a todos no seu idioma. Dos crásicos castelans o parecer sômentes tiña conoimentos do mais indispensable pra compor o seu poema «Os Eoas» como o libro de Xínés Pérez de Hita da Conquista de Granada. Conocía perfectamente a literatura portuxesa e â historia nos nosos irmans pol-as obras completas do Teófilo Braga e indudavelmente aquela *Walsa* de Casimiro Abreu garimosamente copiada da sua man inspíroulle aquela poesía de:

Ibas gozando no meu tormento.
 Ibas fuxindo,
 Por medo a mín;
 Levouch' a faldra curioso o vento...
 Vállam' os ceos,
 Ay o q' eu vin! (3)

Pondal tiña proiectados dous poemas ademais de «Os Eoas» que se chamarían «Os Barçerker» (Os Normandos) do que parece deben eixistir algunhas eströfas e «Os Oceánidas».

As ditas leituras fixeron da obra de Pondal a obra de un crásico apreixoada en versos de un devanceiro do noso tempo. «Os Eoas» son crásicos na forma e no

(1) Na devandita coleizón de Profesores e sabios.— Paris.— Hachette.—1886.

(2) Evres de Boileau nouvelle édition conforme au teste donné par M. Berryat—Saint Prix augmentée dos écrits avec une notice de de Sainte-Beuve et une estude sur la querelle de Boileau avec Charles Peirault par M. Ch. Gidel laureat de l' Academie Francaise et de l' Academie des inscriptions et Belles Lettres, Paris.—Garnier Freres, libraires-éditeurs—6 — Rue des Saints Peres. (S. A.)

(3) Vou dar eiqui da *Walsa* de Casimiro Abreu de grande viveza e movemento: Tu hontem — Na dança — Que cança — Voabas — Co' as faces — Eu rosas — Fermosas — De vivo — Lascivo — Carmín — Na *Walsa* — Tao falsa — Corrias — Fugias — Ardente — Contente — Tranquila — Serena — Sem pena — De mín! — Quem dera — Que sintas — As dores — Dé amores — Que louco — Sentí! — Quen dera — Quo sintas — Nao negués — Nao mintas... — Eu vi... — *Walsabas* — Teus bellos — Cabellos — Ja soltos — Revoltos — Saltavao — Voavao — Brincavao — No colo — Que é meu — E os olhos — Escuros — Tao puros — Os olhos — Perjuros — Volvias — Tremias — Sorrias — Pra outro — Nao eu! — Quemdera — Que sintas — As dores — Que louco — Sofrí! — Quem dera — Que sintas — Nao negués — Nao mintas... — Eu vi..!

fundo. Darei eiquí a estrofa inicial, a final e o vaticinio do vapor feito por Thetis tal como as ollei nos seus papés; quezáis fiquen unidades no orixinal da Academia:

Musa, dí de Colombo os grroriosos.
Feitos dignos do canto; e como o forte
Ao vento dando os liños venturosos,
Non dou tributo â común ley da morte;
E ditamén, oh Diosa, dos famosos
A quen cou él lanzóu a grande sorte;
E como atravesando o mar ingente
Arribaron a ignoto continente.

.....
Tempo virá en que o hábito violento
Da boca do arcángel xa exhalado,
Evaporando o líquido elemento
En férrea e estreita cárcel encerrado,
Empeleará ô amado bastimento
De fea e espesa nube rodeado;
E o Océano que constante soa
Escumará ca cortadora proa

.....
Así venceron as audaces proas;
E ao caro niño e grande eido hispano,
Tornaron os fortísimos Eóas
Vencedores do férvido Océano:
Tal que os seus nomes e memorías boas
Fatigarán ô longo o tempo insano;
E así os duros, mais que ferro forte
Se librarán da ley de escura morte.

Pondal era pois, como quer a Pardo Bazán, o «mais instruído dos Poetas galegos» do seu tempo (1) e poucos do seu tempo souperon como íl libertarse da escravitú da rima co a que Zorrilla xogaba con arte destoncias snbordinado a ela i-estordegando o pensamento.

Ca nota de duplicado en lápiz bermello na cuberta e a signatura P (ondal) 132 topamos na Biblioteca da

(1) Ob- cit. pax 84.

Sociedade Económica de Santiago un eixemprar dos «Queixumes dos Pinos» que ten pra nós un outo intrés.

Ninguén iñora o desacougo poético de Pondal. Na correizón das suas poesías era un home inqueda por demáis. A cada edizón, nova correizón.

Así este exemprar da Económica tén correizóu marxi-naes da propia man do Bardo que terán de ser tomadas en conta pra o caso de unha reaparizón. Ben o faría Pondal se vivise. Imos a anotalas pra rematar istes apuntes que non teñen xeito de outra cousa senón de un anecadamento de materiaes p^{ra} outear a xénesis espiritual dos nosos Precusores.

Correizóns a facer nos "Queixumes dos Pinos" (1)

Páxina 18

- Liña 25. — *Por eso ao propio barro.*
„ 26. — *Son propio torcedor.*

Pax. 19

- Liña 1. — *Morrer en leito mólido.*
„ 2. — *Entre garridas brondas.*
.....
„ 4. — *Q' o pasado recordan.*
.....
„ 12. — *Froxamente e sin gloria.*

Pax. 24

- Liña 8. — *Os está vendo branquear:*
„ 9. — *E escrama, como quen vence,*
„ 10. — *Con entusiasmo:—¡Caa!*
„ 11. — *Son mais brancos os doces peitetes,*
„ 12. — *D' Ousinde nova e lanzall! (2)*

(1) Damos as correizóns co a indicazón da pax. dos «Queixumes» e da liña na edizón única de Martínez Salazar — Coruña — 1886.

(2) Chamo a atenzón sobre este fermosísimo engadido que compra ta a poesía da pax. 24.

Páxina 42

Liña 11. — Outra región *ousara*, o rostro nobre.

„ 20. — D' *alta e fera debesa*.

Pax. 49

Liña 1. — *Garrida* paroleira.

„ 3. — *Amabre vagamunda*.

„ 6. — Triste pr' antiga mágoa:

Pax. 57

Liña 1. — Cando as doces *vagamundas*, (1)

„ 12. — A *dura* terra de Xallas:

Pax. 59

Liña 2. — A *esplendorosa*.

„ bis. — *Que eu ser roubada*.

„ bis. — *De cote soña*, (2)

„ 3. — *De ser collida*.

„ 4. — *Ten a sua hora*.

„ 5. — *Cand' ind' a tímida*.

„ 6. — *Testa n' asoma*;

„ 7. — *Toda escondida*

„ 9. — *Non di palabra*.

„ 10. — *Fala nin toa*.

Pax. 60

Liña 7. — *Ja lle tirano*.

(1) Pondal o substituír a verba concreta *anduriñas* pol-a de *vagamundas* como mais adiante fará con *rosa* que trocará pol-a de *esplendorosa* segue o vieiro de abstraizón que fai que a sua produción aparece como afundida n-unha felís vaguedade de neboeiro que volta imprecisos os ouxetos.

(2) Estrofas intercaladas istas duas.

Páxina 66

Liña 25 — Tan libres, com' os azores.

Pax. 67

Liña 3 — *Aló no fondo.*

„ 4 — *D' esquivá cova!*

Pax. 81

Liña 10 — Algo estantía *quezás.*

Pax. 89

Liña 6 — As *notas caras* prayas amigas.

Pax. 98

Liña 17 — *Q' inda m' amagóa.*

„ 18 — *Dentro o corazón!*

Pax. 112

Liña 8 — Conserves o *craro* sello.

Pax. 115

Liña 15 — A *grávida* armadura.

Pax. 118

Liña 15 — E os *ilustres* hirmáns.

Pax. 125

Liña 16 — *E* mil salvages notas:

Pax. 135

Liña 3 — *Ben' as* vin de longe.

Pax. 157

Liña 5 — *As doces e garridas* vagabundas.

„ 8 — E eu torno *ao fórmigue.*

„ 14 — Do instrumento nos *dourados* desertos
cornos.

Pax. 186

Liña 8 — *Radioso* e trunfante:

Páxina 205

Liña 2 — Espanto *do* Oriente.

Pax. 207

Liña 11 — Señores, quen me *matára*.

Pax. 208

Liña 1 — E *ali so m' abandonaran*.
" 2 — *Ca miña triste agonía*.
" 5 — *S' esa doce fror prendedes*.

Pax. 214

Liña 8 — Nin son ladrón, q' as leis justas
" 9 — *Dos homes divide, e trague*.
" 10 — *Errante vida nocturna*;

Amáis das correizóns precedentes deixou Pòndal outras que o *bon senso do leitor* percura taes os das páxinas 66 (pulacio por *palacio*), 67 (terras por *tenras*), 85 (de Riobóo por *do Riobóo*) 183 (Non seus... por *Nos seus...*) etc.

Facemos pé na idea de que si Pòndal vivise faría isas correizóns. Fundámonos pra afiuzanos no dito en que temos visto un eixemprar dos «Rumores» cas correizóns marxinaes que sairon dempois nas mesmas poesías publicadas nos «Queixumes».

Eiqui fina este traballo.

FERMIN BOUZA BREY



Publicado em "A Nossa Terra"
n.º 208 e seguintes.